



Esta iniciativa forma parte do proxecto "Desafío de Portos Pesqueiros"

Bautizos de Mar á Vela na Costa da Morte

O vindeiro fin de semana darán comezo os Bautizos de Mar á vela organizados pola Asociación Galega de Actividades Náuticas dentro do proxecto aprobado en agosto "Desafío de Portos Pesqueiros".

Os primeiros bautizos celebraranse o 8 de decembro en Corcubión, o 9 de decembro en Fisterra, o 15 de decembro en Muros e o 16 de decembro en Lira, na que ademais do Bautizo de mar poderase disfrutar dunha Ruta no Barco Xeiteiro.

A actividade está prevista que comece ás 11 da mañá e que teña unha duración aproximada de dúas ou tres horas. Tempo no que os participantes poderán disfrutar da singular beleza das nosas costas e da emoción de navegar nun barco escola.

Nos Bautizos de Mar poderán participar os usuarios das Confrarías e os seus familiares ata cubrir as 30 plazas, para o cal deberán poñerse en contacto coa súa Confraría a fin de federarse antes do Bautizo de Mar a Vela.

O proxecto presentado por AGAN (Asociación Galega de Actividades Náuticas) "Desafío Portos Pesqueiros" está patrocinado pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro e ten como obxectivo principal involucrar ós pescadores no mundo da vela e ás confrarías nos temas Medio Ambientais e Deportivos. Ademais está incluído no marco das Axudas para a realización de Proxectos de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades pescadoras e o sector pesqueiro.

Colaboran as confrarías de: Muros, Lira, O Pindo, Fisterra e Corcubión, os concellos de Muros, Carnota, Fisterra e Corcubión, a Escola de Vela Cataventos, o Clube Marítimo Carrumeiro e Asociación Cultural Canle de Lira.